

DOMINGO V DE CORESMA (B)

PRIMEIRA LECTURA Xer 31, 31-34

Lectura do Libro do profeta Xeremías

Velaquí os días -é o Señor quen fala- nos que pactarei coa casa de Xudá e co reino de Israel unha alianza nova; non coma a alianza que pactei cos seus pais, o día no que os collín pola man para os sacar do país de Exipto; pois eles quebrantaron o meu pacto, aínda que eu seguín sendo o seu Señor -é o Señor quen fala-.

Velaquí o pacto que eu hei pactar coa casa de Israel despois deses días -é o Señor quen fala-: Hei mete-la miña lei nas súas entrañas, escribereina nos seus corazóns, serei para eles o seu Deus, e eles serán para min o meu pobo. Xa ninguén terá que instruí-lo compañeiro, xa ninguén terá que instruí-lo seu irmán, dicíndolle: "Respectade o Señor"; senón que todos eles me farán caso, desde o máis noviño ó máis grande -é o Señor quen fala-, pois eu perdoaréille-la súa iniquidade, e xa non me lembrarei máis dos seus pecados.

SALMO RESPONSORIAL Sal 50, 3-4. 12-13. 14-15

R/. (12a): **Crea, oh Deus, en min un corazón puro.**

Compadécete de min, oh Deus, pola túa bondade;
pola túa gran misericordia, borra o meu pecado;
lávame enteiro da miña iniquidade,
límpame da miña culpa.

Crea, oh Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro con espírito firme;
non me botes da túa presenza,
e non tires de min o teu santo espírito.

Devólveme a alegría da túa salvación,
sostenme cun espírito xeneroso.
Ensinarei o teu camiño ós pecadores,
e volverán a ti os descarreirados.

SEGUNDA LECTURA Heb 5, 7-9

Lectura da Carta ós Hebreos

Cristo, nos días da súa vida mortal, a berros e con bágoas, presentou oracións e súplicas a quen o podía salvar da morte e Deus escoitouno por mor da súa docilidade.

Aínda que era Fillo, aprendeu sufrindo o que é obedecer; e, consumada deste xeito a súa consagración sacerdotal, converteuse para tódolos que lle obedecen en causa de salvación eterna.

EVANXEO Xn 12, 20-33

Lectura do Santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, algúns dos gregos, que subían a adorar no día da Festa, achegáronse a Filipe, o de Betsaida de Galilea, e pedíronlle:

- Señor, queremos ver a Xesús.

Foi Filipe e díxollo a Andrés; Andrés e mais Filipe foron dicirillo a Xesús. Xesús respondeulles:

- Chegou a hora de que sexa glorificado o Fillo do Home. Évos ben certo: se o gran de trigo cae na terra pero non morre, quedará el só; pero se morre, dará froito abondoso. Quen ama a súa vida, pérdea; mais quen aborrece a súa vida neste mundo, poñeraa a salvo para unha vida eterna. Se alguén quere servirme, que me siga; e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor. Se alguén me serve, hao honra-lo Pai.

Agora o meu espírito está turbado. ¿E que hei de dicir: Pai, sálvame desta hora? ¡Pero se para iso cheguei a esta hora! Pai, glorifica o teu Nome.

Chegou entón unha voz do ceo:

- Xa o glorifiquei, e glorificareino aínda de novo.

Ó oílo o xentío alí presente, dicía que fora un trono; outros dicían: "faloulle un anxo". Xesús interveu dicindo:

- Esta voz non foi por min, senón por vós. Agora é o xuízo deste mundo; agora ó príncipe deste mundo vano botar fóra. E eu, cando me ergan da terra, atraerei a todos cara a min.

Dicía isto, indicando de que morte había de morrer.